

revelando vozes ²⁰₁₀

CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA



REDE MUNICIPAL
DE CENTROS
SOCIOCULTURAIIS



CONCELLO DE
SANTIAGO
Concellaría de Cultura
e Centros Socioculturais

1. Obxecto da convocatoria

O Ciclo Revelando Voces pretende achegar aos centros socioculturais de Compostela sons de diferentes formacións locais, buscando novos públicos e nova proxección para estes intérpretes. Se nas primeiras edicións os cantautores e a música vocal tivo unha maior presenza, desde a terceira edición ampliouse o abano de artistas participantes para recoller novas propostas sonoras en clave de jazz, ská, música tradicional ou mesmo o rock. Todas elas acordes coa filosofía de realizarse en espazos de pequeno formato como os auditorios dos centros socioculturais e acoller a formacións musicais novas nos circuitos de Compostela.

2. Descrición do programa

REVELANDO VOCES é un circuito de actuacións musicais en pequenas salas dos centros socioculturais. Pretende axudar a promocionar grupos compostelás ofrecendo unhas condicións de son e iluminación axeitadas para o desenvolvemento da súa proposta musical, á vez que unha base de promoción e lanzamento do cantautor e/ou grupo.

O ciclo que promove a Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais do Concello de Santiago seleccionará sete formacións musicais escollidas polos técnicos municipais dos centros culturais a realizar dous concertos cadansúa, e unha gala final a desenvolver no Teatro Principal.

3. Grupos Solicitantes

O programa está aberto á participación dos grupos musicais de Compostela que queiran inscribirse, independentemente do seu estilo musical. Para participar é condición non ter participado como cantautor ou formación en anteriores edicións, salvo que se trate de proxectos novos con outro nome e proposta novedosa.

Os grupos e intérpretes que queiran participar no IV Revelando Voces deberán facer a súa solicitude presentando o anexo 1 e 2 debidamente cumprimentados nos centros socioculturais cabeceira da rede da Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais como son o Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche, o CSC José Saramago de Vite, o CSC das Fontiñas, o CSC Agustín Bueno do Castiñeiriño e o Csc Aurelio Aguirre de Conxo.

As inscricións faranse presentando o anexo 1 e 2 acompañándoos de:

- Fotocopia compulsada do C.I.F. do grupo ou asociación, no seu caso.
- Fotocopia compulsada do N.I.F. do representante, ou dos músicos, en caso de que se representen a si mesmos.
- Certificación dos datos bancarios onde se deberá facer o ingreso.
- Maqueta de cancións propias coas que o grupo/solista queira participar ou indicación do portal de internet ou páxina web do grupo/cantautor.
- Breve historia do grupo, cartel ou fotos para a promoción e difusión publicitaria (opcional).
- Compromiso asinado de aceptación das normas do programa, que, neste caso, supón o compromiso de levar o material de son necesario para a actuación, presentarse no local programado con tempo suficiente para montar e probar son, respectar o horario programado...

4. Locais de actuación

Serán os centros cabeceira da rede da Concellaría de Cultura e Centros socioculturais que acollerán este ciclo: Centro sociocultural e xuvenil do Ensanche, o CSC José Saramago de Vite, o CSC das Fontiñas, o CSC Agustín Bueno do Castiñeiriño, o CSC de Amio e o Csc Aurelio Aguirre de Conxo. Todos os concertos do ciclo serán os sábados ás 21:00 horas e a entrada é de balde ata completar aforo.

Para a Gala Final no Teatro Prinsipal os técnicos escollerán dúas formacións de entre os/as participantes.

5. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes para os grupos e os locais que queiran participar no circuío deberán presentarse como día límite o 22 de marzo de 2010.

O circuío comezará en abril conforme ó programa de actuación e locais que será debidamente publicitado.

6. Comisión de escollo dos grupos

A selección dos grupos/solistas participantes farase a través dos técnicos da Concellaría de Cultura e Centros socioculturais do Concello de Santiago. Eles escollerán as diferentes propostas musicais e de calendario para cada un dos centros socioculturais incorporados a Revelando Voces.

7. Pagamento

Cada concerto aboarase de acordo á seguinte táboa de prezos innegociábel que se comunicará ao Concello no momento de facer a inscrición:

CATEGORÍA 1. menos de 5 membros 600 €/actuación. IVE INCLUÍDO

CATEGORÍA 2 6 a 10 membros 750 €/actuación. IVE INCLUÍDO

CATEGORÍA 3 11 a 20 membros 900 €/actuación. IVE INCLUÍDO

O Concello de Santiago comprométese a realizar o ingreso estipulado nesta convocatoria unha vez realizada a actuación correspondente, sempre e cando os grupos e solistas seleccionados teñan achegado a documentación solicitada.

8. Incumprimentos

O incumprimento das condicións establecidas nestas normas dará lugar á retirada automática deste circuío.

ANEXO 1
INSCRIPCIÓN DE FORMACIÓN MUSICAIS

Nome e apelidos	
D.N.I.	
Domicilio	
Código Postal	
Localidade	
Teléfono Contacto	
Formación Musical	
e-mail	
C.I.F. grupo/solista	
Nº conta bancaria	
Categoría	<input type="checkbox"/> CATEGORÍA 1. menos de 5 membros
	<input type="checkbox"/> CATEGORÍA 2. 6 e 10 membros
	<input type="checkbox"/> CATEGORÍA 3. 11 e 20 membros
Achega Maqueta	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
páxina web/blog/myspace	

Os anteriores apartados conteñen información que é necesario cubrir.

Os datos de d.n.i., c.i.f. (no seu caso) e nº de conta bancaria deberán ser xustificadas adxuntando fotocopia da documentación e unha certificación de existencia de conta de ingreso.

ANEXO II
COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS
NORMAS DA CONVOCATORIA

Aceptación MÚSICOS/AS:

A persoa asinante (NOME) _____
como representante da formación musical _____
e con D.N.I. _____

Afirma que leu a convocatoria do IV revelando Voces, e que as acepta comprometéndose a:

- Levar o material instrumental necesario para a actuación.
- Presentarse no local programado con tempo suficiente para montar e probar son.
- Respetar o horario programado.

Aceita a táboa económica proposta

Para que conste, asina en _____ a _____ de _____ de 2010

NOME e sinatura